

O máis destacado da cultura galega en 2023 segundo os seus xestores

DOI: 10.17075/mdcg2023.2024

Este documento de traballo recolle os principais eventos, accións culturais, persoas ou entidades máis sobranceiros do ámbito da cultura galega ao longo de 2023, segundo o criterio dos seus responsables, e dá continuidade ao que se publicou o pasado ano¹. Nesta edición compílanse os fitos máis relevantes no eido cultural de acordo cos profesionais e directivos

DOCUMENTOS
DE TRABALLO
CCG

¹ https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2023_O-mais-destacado-da-cultura-galega-en-2022.pdf



Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

das entidades culturais, o que constitúe un avance do que serán os resultados dunha nova entrega do *Barómetro da cultura galega*, iniciativa promovida polo Consello da Cultura Galega en 2020 e que se elabora con carácter anual. O *Barómetro* é unha diagnose avaliativa, elaborada a partir dos datos dunha serie de enquisas, que permite retratar a situación, evolución, eivas, fortalezas e perspectivas das entidades culturais galegas.

Trátase, xa que logo, dun adianto dun traballo de próxima publicación no que se inclúe unha pregunta sobre a oferta cultural máis destacable en 2023, na que se pide mencionar especificamente os tres eventos, accións culturais, persoas ou entidades máis salientables da cultura galega do ano pasado. É unha pregunta aberta e de resposta múltiple; é dicir, as persoas entrevistadas contestan sen que se lles dean opcións predefinidas e, malia poderen dar ata un máximo de tres respostas, algunhas optan por achegar unha ou dúas unicamente. Tamén hai persoas que, pese a responderen a maioría das preguntas do cuestionario xeral que se emprega na explotación do *Barómetro*, nesta cuestión en concreto optan por non contestar porque non teñen unha opinión formada sobre este particular ou porque non desexan facelo.

O número de entidades incluídas foi de 960 e a cantidade de respostas procesadas foi de 1.314. As datas de recollida da información foron entre o 15 de xaneiro e o 9 de febreiro de 2024.

A delimitación do ámbito cultural que se utiliza para o deseño da mostra baséase nas actividades recollidas na Conta Satélite da Cultura de Galicia² do Instituto Galego de Estatística, ás que se engaden algunhas que non aparecen nesa operación estatística por razóns metodolóxicas, como as de tradución e interpretación ou a edición de videoxogos³. As actividades específicas das entidades agrúpanse nas seguintes categorías:

² https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_CSCultura_RE19_gl.pdf

³ A delimitación do ámbito cultural galego toma, pola súa vez, a referencia das delimitacións do ámbito cultural propostas pola UNESCO, a Unión Europea e o Ministerio de Cultura do Goberno de España.



Actividades específicas das entidades da cultura galega

Artes gráficas e actividades relacionadas
 Comercio de libros e publicacións periódicas
 Edición de libros, publicacións periódicas e actividades relacionadas
 Audiovisual e actividades relacionadas
 Artes visuais
 Música
 Teatro, danza, espectáculos e actividades auxiliares das artes escénicas
 Museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural
 Bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas
 Educación cultural
 Actividades das administracións públicas

Fonte: Elaboración propia

Esta delimitación utilízase como variable de segmentación para dar conta da variación segundo as distintas actividades que compoñen a cultura. Nesta edición achégase, como novidade, unha análise por provincias para tratar de reflectir a variación xeográfica.

Na explotación recóllense en categorías específicas aquelas preguntas que despois de recodificarse obtiveron polo menos tres respostas, polo que todas aquelas que teñen unha frecuencia menor foron incluídas en categorías xenéricas agrupadas en «outros» (eventos, referencias, nomes propios etc.).

A frecuencia das respostas e a proporción expresada en porcentaxe das entidades que mencionan os eventos ou accións culturais dan conta da relevancia obtida por cada unha das accións culturais levadas a cabo en 2023, segundo a valoración das persoas entrevistadas. A seguinte táboa recolle os resultados extraídos da enquisa por orde de frecuencia nas respostas emitidas, incluídas as agrupadas ao final.

Eventos e accións culturais máis destacadas da cultura galega en 2023

	Frecuencia	Porcentaxe
Tanxugueiras (xira, concertos —esp. concerto no Coliseum da Coruña— etc.)	99	10,3
O Son do Camiño	97	10,1
Filme <i>O corno</i> , de Jaione Camborda (o filme, a Cuncha de Ouro no Festival de San Sebastián...)	71	7,4
Yolanda Castaño (Premio Nacional de Poesía, publicación de <i>Materia...</i>)	53	5,5
Filme <i>As bestas</i> , de Rodrigo Sorogoyen	42	4,4
Eventos culturais do Camiño de Santiago	38	4,0
Programación da Cidade da Cultura	38	4,0

DOCUMENTOS DE TRABALLO



	Frecuencia	Porcentaxe
Festivais de música en xeral	37	3,9
Éxito do cine/audiovisual galego	34	3,5
Celebración do Día das Letras Galegas	28	2,9
Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal)	23	2,4
Filme <i>Matria</i> , de Álvaro Gago (o filme, os premios e candidaturas...)	22	2,3
As festas, romarías e verbenas	20	2,1
Paula Carballeira, Premio Nacional de Literatura Dramática 2023	19	2,0
Celebración Picasso 1973-2023 (Museo de Belas Artes da Coruña)	17	1,8
As feiras e salóns do libro	16	1,7
Consello da Cultura Galega	15	1,6
Exposicións na Fundación Marta Ortega Pérez (sobre todo a de Helmut Newton)	15	1,6
Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira	15	1,6
Dúo Fillas de Cassandra	14	1,5
Luis Tosar	13	1,4
Leilía	12	1,2
Academia Galega do Audiovisual e os seus premios (Mestre Mateo, María Luz Morales...)	11	1,1
Centenario do Seminario de Estudos Galegos	11	1,1
Festival Sinsal	11	1,1
Resurrection Fest	11	1,1
Xunta de Galicia e os seus organismos culturais (AGADIC etc.)	10	1,0
Festival Internacional Outono de Teatro - FIOT Carballo	9	0,9
Luis Zahera	9	0,9
As celebracións do Entroido galego	8	0,8
Esther Estévez (programa <i>Dígocho eu</i>)	8	0,8
Festival de Cans	8	0,8
Baiuca	7	0,7
Exposicións <i>Cidades no tempo</i>	7	0,7
Festival PortAmérica	7	0,7
Festival Revenidas	7	0,7
Ledicia Costas	7	0,7
María Vázquez (a súa interpretación en <i>Matria</i> , os premios e candidaturas...)	7	0,7
Himno do centenario do Celta de Vigo <i>Oliveira dos cen anos</i> (C. Tangana, Lagharteiras)	7	0,7
Orquestra Sinfónica de Galicia	7	0,7
Festival de Cine de Ourense (OUFF)	6	0,6
Os certames de bandas de música	6	0,6
A implantación da Lei xeral de comunicación audiovisual (programación en galego nas plataformas de contidos dixitais)	5	0,5
Abraham Cupeiro	5	0,5
Festival da Luz	5	0,5
Mondra	5	0,5
Morriña Fest	5	0,5
Falecemento de Miguel Ángel López González, o <i>Hematocrítico</i>	5	0,5
Obra de teatro <i>Iribarne</i>	5	0,5
WOS Festival	5	0,5



	Frecuencia	Porcentaxe
As axudas directas en forma de bonos para adquirir produtos e servizos culturais	4	0,4
Centro Dramático Galego	4	0,4
Festivais de monicreques (Redondela, Galicreques, Titiriberia)	4	0,4
Fundación Uxío Novoneyra	4	0,4
MiT Ribadavia – Mostra de Teatro de Ribadavia	4	0,4
Regreso do <i>Xabarín Club</i>	4	0,4
Os concertos de Castrelos en Vigo	4	0,4
WOMEX Festival da Coruña	4	0,4
Arantza Portabales	3	0,3
Carlos Núñez	3	0,3
Caudal Fest	3	0,3
Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)	3	0,3
Curtocircuíto – Festival Internacional de Cinema	3	0,3
Domingo Villar	3	0,3
Festigal	3	0,3
Museo de Pontevedra	3	0,3
<i>O libro negro da lingua galega</i> , de Carlos Callón	3	0,3
Pedro Feijóo	3	0,3
Premios de Teatro María Casares	3	0,3
Premios Galicia de Innovación e Deseño	3	0,3
Premios Martín Códax da Música	3	0,3
Real Academia Galega	3	0,3
Outras referencias á produción e programación musical	64	6,7
Outras referencias á produción literaria	29	3,0
Outros festivais de música	25	2,6
Outras referencias á produción e programación teatral	25	2,6
Outras referencias específicas ao audiovisual galego	23	2,4
Outros galardóns literarios nos ámbitos autonómico e estatal	7	0,7
Outras respostas	125	13,0
Ns/Nc	293	30,5

Fonte: Elaboración propia

Como acontece en cada edición do *Barómetro*, a pregunta referida aos eventos, accións culturais, persoas ou entidades máis destacados da oferta cultural do ano rematado recibe un amplísimo abano de respostas, clara evidencia da variedade das entidades que compoñen a cultura galega.

Nesta edición o resultado achega unha extensa listaxe de 79 categorías de resposta. En todo caso, recóllense nove referencias que destacan claramente por riba das demais en canto á súa porcentaxe de mención (entre o 10,3% e o 3,5%) e, dentro destas, sobresaen especialmente dúas por seren citadas por máis do 10% das persoas enquisadas: a xira das Tangueiras (con eventos destacados como a súa actuación no Coliseum da

Coruña) e os concertos do Son do Camiño son as accións culturais máis citadas, cunhas porcentaxes de mención do 10,3% e o 10,1%, respectivamente.

Estes dous eventos xa mereceran postos de gran relevancia na anterior edición do estudo, relativa á actividade do ano 2022: as Tanxugueiras acadaran o segundo posto na listaxe do pasado ano (citadas entón polo 21,1% da mostra), debido á súa participación no Benidorm Fest, e O Son do Camiño ocupaba o terceiro posto no anterior estudo, cunha mención similar (10,4%) á que este ano o coloca en segunda posición.

A terceira posición da táboa, por porcentaxe de alusión, correspóndelle ao filme rodado en lingua galega *O corno* de Jaione Camborda, gañador da Cuncha de Ouro no Festival Internacional de Cine de San Sebastián e dun Premio Goya, que foi citado polo 7,4% da mostra.

Tras estas tres principais respostas sitúase en cuarta posición a mención a Yolanda Castaño (5,5%), galardoada en 2023 co Premio Nacional de Poesía. En relación cos premios literarios cómpre citar outras mencións, como a de Paula Carballeira e o seu Premio Nacional de Literatura Dramática (2%) ou a categoría colectiva «Outros galardóns literarios nos ámbitos autonómico e estatal» (0,7%), que recolle alusións ás persoas galardoadas co Premios Blanco Amor, Xerais etc. En relación coa produción literaria, a táboa achega outras categorías con importancia porcentual a nivel particular, como é a relevancia durante 2023 de autores como Leticia Costas (citada polo 0,7% da mostra), Arantza Portabales (0,3%) ou Pedro Feijóo (0,3%), así como a obra *O libro negro da lingua galega* de Carlos Callón (0,3%) ou a publicación póstuma de *Síbaris* de Domingo Villar (0,3%). Neste ámbito, as persoas enquisadas tamén fixeron constar feitos máis sinalados da cultura galega durante 2023 como o inesperado pasamento do escritor Miguel Ángel López González, o *Hematocrítico*, ao que fixo alusión o 0,5% das persoas enquisadas. En relación coa vida cultural literaria pódese salientar tamén o 2,9% que menciona a importancia das celebracións relacionadas co Día das Letras Galegas e o 1,7% que sinala as diversas feiras e salóns do libro, así como a categoría xenérica «Outras referencias á produción literaria» (3%), na que se recollen mencións a distintos autores e publicacións.

.....

Ao igual que na pasada edición, e tras os éxitos colleitados nos Premios Goya de 2023, o filme *As bestas* volve ocupar unha posición destacada, a quinta, xa que foi citado polo 4,4% das persoas entrevistadas e, novamente, a súa repercusión déixase sentir noutras categorías, como a mención a Luis Zahera (0,9%). En relación con esta gran transcendencia do sector audiovisual, tamén se debe prestar atención á referencia xenérica ao «éxito do cine/audiovisual galego», que co 3,5% volve situarse en postos destacados da listaxe. Esta categoría agrupa só mencións xerais que poñen de manifesto o auxe do sector e mais a relevancia e visibilidade do audiovisual galego dentro e fóra das nosas fronteiras, pois manifestacións específicas deste ámbito mereceron categorías diferenciadas e con importantes porcentaxes de resposta, como as xa citadas películas *O cornio* ou *As bestas*. Tamén cómpre mencionar o filme *Matria*, de Álvaro Gago, tanto polos seus premios e candidaturas (2,3%) como polo papel desempeñado pola protagonista, María Vázquez (0,7%), candidata aos Premios Goya.

Esta relevancia do audiovisual galego volve evidenciarse na importancia doutras categorías, xa habituais nesta variable nos últimos anos, como as mencións a actores como Luis Tosar (1,4%) ou o xa citado Luis Zahera (0,9%). Por outra banda, en relación coa crecente importancia da visibilidade e recoñecemento deste ámbito da cultura, cómpre resaltar a mención á Academia Galega do Audiovisual e os seus premios (1,1%) ou a «outras referencias específicas ao audiovisual galego», categoría que recolle as respostas relativas a títulos, persoas ou eventos que, polo seu escaso peso porcentual, non chegaron a considerarse categoría diferenciada, aínda que no seu conxunto corresponden ao 2,4% da mostra. Outro fito destacado en relación co anterior e que aparece por vez primeira nesta análise anual é a mención á aplicación da Lei xeral de comunicación audiovisual⁴, aprobada en 2022, pola cal se programan contidos en galego nas plataformas como Netflix ou Amazon Prime Vídeo (0,5%). Tamén se citan festivais de cine que se veñen celebrando na xeografía galega, como o Festival de Cans (0,8%), o Festival de Cine de Ourense - OUFF (0,6%) ou o Curtocircuíto - Festival Internacional de Cinema (0,3%). Dado que a produción televisiva é tamén produción audiovisual, pódese incluír aquí o programa dirixido por Esther Estévez *Dígocho eu*, que co 0,8% das mencións dobra a porcentaxe

⁴ <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-11311-consolidado.pdf>

acadada o pasado ano, así como o regreso do programa infantil *Xabarín Club* (0,4%).

A sexta categoría de resposta con maior porcentaxe de mención é a que alude aos eventos culturais do Camiño de Santiago, cun destacable 4%, aínda que, como era de esperar, fica a moita distancia do 22,3% que recollía a categoría «Eventos culturais do Xacobeo / Camiño de Santiago» o ano pasado, cunha programación específica e moi ampla co gallo da celebración do Ano Santo Compostelán. Coa mesma porcentaxe do 4%, e polo tanto compartindo esa sexta posición, sitúase a programación cultural da Cidade da Cultura, que incrementa o seu índice de mención con respecto ao ano anterior (2,3%).

Os artistas e os eventos do eido musical volveron merecer un importante número de mencións. De feito, as dúas categorías máis citadas (Tanxugueiras e O Son do Camiño) son referencias musicais. Ademais destas, atópase nesta nova edición da análise unha cifra elevada de categorías diferenciadas e algunhas xenéricas, entre as que cómpre destacar as mencións a eventos que xa son habituais nesta lista, como o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira (1,6%), o Festival Sinsal (1,1%), o Resurrection Fest (1,1%), o Festival PortAmérica (0,7%), o Festival Revenidas (0,7%), o WOS Festival (0,5%), o Festival da Luz (0,5%), o Morriña Fest (0,5%), o WOMEX Festival da Coruña (0,4%), o Festigal (0,3%), o Caudal Fest (0,3%) e outros festivais de música que individualmente non chegaron ás tres mencións pero que en conxunto constitúen unha categoría citada polo 2,6% da mostra. Ademais, a esta listaxe de eventos destacados hai que engadir tamén as alusións aos festivais de música en xeral, sinalados polo 3,9% das persoas entrevistadas, porcentaxe que sitúa a categoría xenérica dos festivais entre as máis citadas e que supera incluso a mención xenérica ao éxito do audiovisual galego.

Xunto coa alusión aos festivais, as persoas que participaron na enquisa fixeron tamén importantes referencias específicas a artistas do eido musical, entre os que conseguiron categoría diferenciada —por citalos tres veces ou máis— o dúo Fillas de Cassandra (1,5%), Leilía —en especial pola súa xira de despedida— (1,2%), Baiuca (0,7%), a Orquestra Sinfónica de Galicia (0,7%), Abraham Cupeiro (0,5%), Mondra (0,5%) e Carlos Núñez (0,3%). Tamén se debe sinalar a mención ao himno do centenario do Real Club Celta de Vigo (0,7%), de C. Tangana en colaboración coas Lagharteiras.

Ademais, obtivo categoría diferenciada de resposta na variable As mencións que destacan as achegas do eido musical durante 2023 inclúen tamén os concertos de Castrelos en Vigo (0,4%), a celebración de certames como os Premios Martín Códax da Música (0,3%) e categorías que engloban unha multiplicidade de eventos musicais, como as festas, romarías e verbenas (2,1%) e os certames de bandas de música (0,6%). Pecha o capítulo musical a categoría agregada de «Outras referencias á produción e programación musical» (6,7%), que recolle eventos que, por non alcanzar tres mencións no estudo, fican baixo enunciados colectivos pero que en conxunto logran un peso destacado na análise.

Tamén recibiron un número importante de mencións a Feira das Industrias Culturais de Galicia - Culturgal (2,4%); o Consello da Cultura Galega (1,6%), cun notable incremento dende o 0,6% rexistrado o ano pasado, ou a Xunta de Galicia e os seus diversos organismos culturais, como a AGADIC e outros (1%). Tamén se debe prestar atención á mención aos diferentes tipos de bonos culturais, citado polo 0,4% da mostra.

No que atinxe á oferta teatral, cómpre destacar a referencia á obra *Iribarne* (citada polo 0,5% da mostra) e a eventos como o Festival Internacional Outono de Teatro - FIOT Carballo (0,9%), a Mostra de Teatro de Ribadavia (0,4%) ou os Premios de Teatro María Casares (0,3%). O 2,6% da mostra fixo referencias xenéricas a outras producións e programacións teatrais. Tamén moi relacionado con esta arte escénica, pódese citar o 0,4% das persoas entrevistadas que aludiu a diversos festivais de monicreques (como o Festival Internacional de Títeres de Redondela, o Galicreques, o Titiriberia etc.).

No plano das artes visuais, as máis citadas son a «Celebración Picasso 1973-2023», referida á exposición *Picasso branco no recordo azul* que se puido visitar no Museo de Belas Artes da Coruña (1,8%); as diversas exposicións da Fundación Marta Ortega Pérez, entre as que resultou especialmente citada a de Helmut Newton (1,6%), e as exposicións *Cidades no tempo* (0,7%).

Outras institucións ou entidades de gran relevancia na cultura galega como o Seminario de Estudos Galegos —que celebrou en 2023 o seu centenario—, o Centro Dramático Galego, a Fundación Uxío Novoneyra, a Real Academia Galega, o Centro Galego de Arte Contemporánea e o Museo de

Pontevedra lograron tamén o número de mencións suficiente para merecer unha categoría diferenciada na listaxe de organismos ou eventos destacados en 2023 (o primeiro co 1,1% e os demais con porcentaxes entre o 0,3% e o 0,4%).

Cómpre apuntar que nesta edición entraron por primeira vez como categorías diferenciadas as manifestacións culturais relacionadas coa celebración do Entroido, citadas polo 0,8% da mostra. Tamén son novidades algunhas categorías xa citadas, como o himno do centenario do Celta de Vigo, o WOS Festival, o regreso do programa infantil *Xabarín Club*, o Festi-gal ou a Real Academia Galega, entre outros con menos representación. Do mesmo xeito, en 2023 non acadan respostas suficientes para ter unha categoría propia eventos que apareceran na listaxe de 2022, como Cineuropa ou o festival O Marisqueño, entidades como a Real Filharmonía de Galicia ou a programación das deputacións da Coruña e Pontevedra.

A análise por provincias amosa que na Coruña os eventos culturais máis destacados foron O Son do Camiño (10,1%), o filme *O corno* (9,5%), as Tanxugueiras (8,9%) e Yolanda Castaño (7,4%). Estas dúas últimas respostas lograron porcentaxes de mención destacadas con respecto ás tres provincias restantes. Con porcentaxes entre o 4% e o 4,5% sitúanse a continuación as mencións aos eventos culturais do Camiño, á celebración do Día das Letras Galegas, aos festivais de música e ao audiovisual galego. As demais respostas específicas rexistraron porcentaxes de mención por debaixo do 4%. En comparación coas tres provincias restantes, na Coruña obtéñen tamén porcentaxes claramente destacadas autoras como Paula Carballeira (3%) ou eventos como as exposicións da Fundación Marta Ortega Pérez (2,7%) e o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira (2,1%).

No caso da provincia de Lugo encabezan a listaxe as Tanxugueiras, citadas polo 15,1% das persoas alí entrevistadas. O Son do Camiño sitúase en segunda posición, xa por debaixo do 10% (9,4%). Superan o 4% de mención a programación cultural da Cidade da Cultura (6,6%), o filme *As bestas* (5,7%), os eventos culturais do Camiño de Santiago (4,7%) e o labor desenvolvido polo Consello da Cultura Galega (4,7%). En comparación coas demais provincias galegas, destacan tamén as porcentaxes de mención á Fundación Uxío Novoneyra, a Luis Tosar e ao Caudal Fest (entidade, actor e evento lucenses).

.....

Na provincia de Ourense son oito as respostas con máis do 4% de mención. Encabeza ese grupo o filme *As bestas* (8,6%), en segunda posición empatan co 7,5% as Tanxugueiras e o filme *O corno* e, tras elas, sitúanse O Son do Camiño e a programación cultural da Cidade da Cultura (ambas co 6,5%). A seguir figuran as exposicións *Cidades no tempo*, o himno do centenario do Real Club Celta de Vigo e o Día das Letras Galegas (4,3% nos tres casos). Nesta provincia obtiveron maior peso porcentual que no resto de Galicia respostas que aluden ás celebracións do Entroido galego, con tanto peso na tradición ourensá (3,2%).

Na provincia de Pontevedra as Tanxugueiras son a resposta máis citada (11,8%), seguidas de preto polo Son do Camiño (11,5%). En terceiro lugar sitúase o filme *O corno* (5,9%) e en cuarto posto a mención ao Premio Nacional de Poesía concedido a Yolanda Castaño. As demais respostas sitúanse por debaixo do 4%. Neste caso, eventos da propia provincia como o Festival Sinsal, o Festival de Cans ou o Festival Revenidas e persoeiros como o escritor Pedro Feijóo logran maiores porcentaxes de mención en Pontevedra que nas demais provincias galegas. Nesta provincia cómpre facer fincapé nunha categoría xenérica, pois en Pontevedra sobresaie con claridade a que engloba «outras referencias á produción e programación musical» (9,4%), ao tempo que tamén presenta unha porcentaxe destacada de alusións a categoría «Festivais de música en xeral», polo que se configura como a provincia que máis resalta os eventos musicais.

Segundo a actividade específica á que se dedica cada entidade da mostra, as Tanxugueiras son a resposta máis citada polas entidades dedicadas á música e ao resto das artes escénicas, pero tamén polas das artes gráficas. En cambio, O Son do Camiño é o evento máis destacado polas entidades dedicadas ás artes visuais, aos museos e actividades relacionadas, ás bibliotecas e arquivos, á educación cultural e ás actividades das administracións públicas.

O filme *O corno* foi o máis citado polas entidades do audiovisual (22,2%), e Yolanda Castaño co seu Premio Nacional de Poesía foino entre as dedicadas ao comercio de libros e outras publicacións periódicas e entre as bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas. A Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal) foi o máis relevante para as entidades que se dedican á edición.

.....

Pódese destacar tamén a importancia do sector dos museos e actividades relacionadas co patrimonio cultural á hora de mencionar a Celebración Picasso 1973-2023 do Museo de Belas Artes da Coruña, así como a das persoas responsables de bibliotecas, arquivos e actividades relacionadas que citan os méritos de Paula Carballeira.

Tamén resulta relevante que, das 23 categorías referidas a artistas, creadores ou intérpretes, as tres primeiras sexan mulleres e en total de 10, o que supón o 44%. Se se contan os votos, elas superan amplamente o resultado deles, ao sumar 293 mencións (70%) fronte a 127.

A modo de resumo, pode comprobarse que, coa excepción da escritora Yolanda Castaño, os eventos musicais e o éxito do audiovisual galego concentran a maior parte das respostas.

A mención ás Tanxugueiras e ao Son do Camiño son unha constante ao longo destas tres edicións do estudo, como tamén o é a referencia aos eventos ligados ao Camiño de Santiago, aínda que, como cabía esperar tras a finalización do Ano Santo en 2022, a porcentaxe se reduce substancialmente. O que non descende é a alusión aos múltiples festivais que se celebran ao longo do territorio, ben de xeito individual —co Son do Camiño como principal expoñente, pero tamén con outros como o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira, o Sinsal ou o Resurrection Fest—, ben de xeito colectivo na categoría xenérica. Dentro do ámbito musical, e máis alá do peso do conxunto das referencias á produción e programación musical, cómpre salientar a mención nesta edición ao dúo Fillas de Cassandra e á xira de despedida de Leilía.

Os datos referidos a 2023 volven mostrar o gran momento do audiovisual galego. Se na pasada edición se facía unha especial referencia ao filme *As bestas* (que segue moi presente nesta), agora son *O corno* e *Matria* exemplos do éxito do cine galego.

Por último, no ámbito literario destacan Yolanda Castaño e Paula Carballeira. Os premios logrados por estas dúas autoras son tamén un indicador da calidade das letras galegas.